

 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
--	--	--

### FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	2010	<b>PE403A 2009/24-11</b>
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE MIÑO	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	MOLUSCOS BIVALVOS E GASTERÓPODOS	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	AUTORIZACIÓN	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	A PÉ E EMBARCACIÓN	

<b>Especies</b>	Ameixa fina ( <i>Ruditapes decussatus</i> ), ameixa babosa ( <i>Venerupis pullastra</i> ), berberecho ( <i>Cerastoderma edule</i> ), caramuxo ( <i>Littorina littorea</i> ), ostra plana ( <i>Ostrea edulis</i> ), ameixa xaponesa ( <i>Ruditapes philippinarum</i> ), coquina ( <i>Donax trunculus</i> ), longueirón vello ( <i>Solen marginatus</i> ), longueirón ( <i>Ensis siliqua</i> ) e navalla ( <i>Ensis arcuatus</i> )
<b>Ambito do plan</b>	Autorizacións administrativas: entre final praia grande de Miño e Punta Allo e entre canle de Hervás e punta Curbeiros
<b>Subzonas de explotación</b>	Marisqueo a pé: Castelo Souto-Láncara (Souto e Cuco), Castelo-Pedrido, Lombo Espiñeira, Porto-Praia Pequena. Marisqueo embarcación: canle do Pedrido

<b>Participantes no plan de explotación</b>		
<b>Número de permex/personas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
28	8	-
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>Non</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

<b>Calendario de explotación</b>												
<b>Días máximos de extracción</b>		110										
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: A PÉ</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: embarcación</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Nota: O máis probable é que a extracción se efectúe só en outubro, novembro e decembro.												

<b>Topes de captura</b>			
<b>Especies</b>	<b>A pé (mariscadora/día)</b>	<b>Embarcación/día</b>	<b>Tripulante/habilitación</b>
Ameixa fina	5 kg	10 kg	-
Ameixa babosa	5 kg	15 kg	-
Ameixa xaponesa	5 kg	15 kg	-
Berberecho	30 kg	30 kg	-
Ostra plana	100 ud	100 ud	-
Bígaro	10 kg	-	-
Coquina	3 kg	-	-
Longueirón vello	10 kg	-	-

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos MariñosRúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25XACOBEO 2010  
Galicia

Topes de captura			
Especies	A pé (mariscadora/día)	Embarcación/día	Tripulante/habilitación
Longueirón	10 kg	-	-
Navalla	10 kg	-	-

<b>Artes a empregar</b>	A pé: sachos. Sal para os solénidos. Dende embarcación: raño
-------------------------	---

<b>Puntos de control</b>	Punto de venda de O Pedrido. Porto de Miño ( Porto-Praia Pequena de Miño).
<b>Puntos de venda</b>	Punto de venda de O Pedrido.

Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Epocas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Souto, Cuco, Castelo, Espiñeira, Porto-Praia Pequena												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Castelo (se mantén a clasificación como zona C), Pta. Ajo, Pta. Bañobre e Ponte do Porco (libre marisqueo), peirao de Miño-Pta dos Curbeiros de Miño.												
Especies: Ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa e berberecho.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Souto, Cuco, Espiñeira, Porto-Praia pequena de Miño, Canle do río Mandeo.												
Especies: Ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: dende zonas de extracción de semente para resembrar cara Bañobre, Souto, Cuco, Espiñeira, Porto-Praia pequena de Miño, Canle do río Mandeo.												
Especies: Ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: tódolos bancos marisqueiros: limpezas de algas, depredadores e materiais prexudiciais remoción e aireación do substrato, tanto a pé como con tractor. Limpeza con endeño remolcado na canle do Mandeo.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Presentarase un proxecto de limpeza de mexillón para o banco de Bañobre (libre marisqueo) e para a canle do Río Mandeo.												



Os meses marcados en negra son os máis probables

### Outras consideracións <sup>(9)</sup>

**Especies:** As especies de solénidos (navalla, longueirón e longueirón vello) inclúense neste plan de explotación que ata o de agora viñan sendo explotadas ao abeiro dun plan específico de explotación. O carácter residual da súa explotación e o feito de que estea presente, como especie autorizada, nas zonas explotadas en réxime de autorización administrativa deste plan de explotación marisqueira xustifican a súa inclusión. A inclusión destas especies facilitará a súa explotación e suporá, previsiblemente, un incremento do rendemento económico do traballo dos mariscadores.

**Ambito do plan:** Non se aproba a inclusión no plan do parque de Policarpo Manso Varela, xa que a xestión desta zona está baixo a figura de concesión aínda vixente. No caso de que se producira a caducidade do título, podería ser sometido a un plan específico para as zonas de libre marisqueo, pero non dentro das autorizacións da entidade.

**Zona de produción:** Parte dos bancos incluídos neste plan (O Castelo-Pedrido e a canle do río entre a ponte da estrada e a ponte da autoestrada) están clasificados como zona clase C pola Orde do 8 de setembro de 2006.

O resto dos bancos incluídos neste Plan atópanse en zona clase B

**Participantes:** A embarcación .....ten o seu permiso de explotación caducado e está retirada da actividade pesqueira no Censo da Flota Pesqueira Operativa, polo que o número de embarcacións participantes neste Plan é de 8.

Respecto ao marisqueo a pé, rematado o proceso de renovación de permex para o ano 2010 nesta Confraría, o número de mariscadores a pé autorizados para traballar neste plan é de 28.

**Cotas máximas de captura:** Inclúen por vez primeira no Plan de marisqueo as tres especies de solénidos comerciais presentes nas nosas costas, para os que ata agora presentaban un Plan específico. Pese a que a especie obxectivo da extracción a pé sería o longueirón vello, o carácter de fondo de ría dalgúns dos bancos propostos fai verosímil que en certas circunstancias fose posible a extracción dalgunha das outras dous especies, presentes na zona en bancos somerxidos. A cota máxima de extracción será de 10 kg por mariscadora e día e suporá, previsiblemente, un incremento real no rendemento económico do traballo dos mariscadores de a pé.

Respecto da coquina (*Donax trunculus*), especie non avaliada na zona, pero de cuxa existencia aparecen indicios puntuais de tempo en tempo, dado que o plan non propón ningunha cota de captura, establécese ésta en 3 kg/mariscador/día.

Considérase necesaria unha redución da cota máxima proposta no plan para a ameixa babosa extraída dende embarcación -dado que se aparta moito do rexistro de capturas dos últimos anos- a un máximo de 15 kg por embarcación e día.

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010  
Galicia

regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

**Horario:** Non se acepta que o horario de marisqueo a pé e dende embarcación sexa coincidente (dúas horas antes e ata dúas horas despois da baixamar diúrna, sen exceder das 17.00 horas), xa que contravén o disposto no Decreto 424/1993. O horario para o marisqueo dende embarcación é de 8 a 14 horas.

**Artes:** A gancha a pé non é unha arte autorizada no Decreto 424/1993, polo que para o seu uso requírese da aprobación dun plan experimental.

**Traballos de semicultivo e vixilancia:** A realización dos traballos de acondicionamento e, rexeneración, así como de vixilancia, serán obrigatorios para tódolos mariscadores incluídos no plan, e computarán como días de actividade a efectos de renovación do permex.

**Deberán achegar** a seguinte documentación:

- Descrición do modo de organización dos puntos de control e das persoas responsables destes
- Coordenadas cartográficas que delimitan as zonas sometidas a plan, sementeiras, traslados, limpeza, puntos de control, etc., dacordo coa Circular de 6 de outubro 2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2010.